

O Cabo de Trafalgar.

Entre a enseada de Conil e a de Barbate, adéntrase no mar o Cabo de Trafalgar. Este Monumento natural está formado, en realidade, por un pequeno illote rochoso e dúas linguas de terra ou tómbolos, que o unen a terra firme.

Estes cantís, que conforman unha paisaxe neboenta e calma, gardan o recordo dun violento episodio.

A torre de Roche, antes de ser transformada en faro, viu pasar as naves camiño do combate. A noite do 21 de outubro de 1805, no medio dunha forte tormenta, Francia e España, aliadas contra Inglaterra, libraron unha decisiva batalla.

Combateuse con furia e morreron milleiros de mariñeiros e soldados. A frota franco-española caeu derrotada e Nelson, o almirante inglés, gañou a batalla pero perdeu a vida.

Case a metade dos navíos que formaban a escuadra combinada acabaron descansando no fondo do mar fronte ás costas gaditanas despois daquela noite. O forte temporal, que se prolongou durante unha semana, acabou coas xa maltreitas embarcacións.

Os que foran imponentes navíos de guerra durmen agora baixo da auga, os seus restos inmóbiles colonizados por algas e corais.

O duro metal dos canóns agarda aquí que os científicos os rescaten e escriban todos os detalles da historia.

E non é a única historia de contenda que conteñen estas costas. A zona foi durante séculos arrasada e saqueada.

Construíuse un complexo sistema de castelos e torres-vixía que permitían avisar da presenza de piratas mediante o emprego dunha linguaxe de lume e fume. Así se defendía aos pescadores de atún que se afanaban nas almadrabas.

Alleo á tumultuosa historia destas costas, o fondo mariño desprega perante os nosos ollos toda a súa riqueza.

Os Cerianthus constrúen un tubo no que aloxan os seus innumerables tentáculos. Anuncian augas calmas e fondas.

A resguardo da luz medra a delicada Dendrophyllia, un tipo de coral de relucentes cores, tan sensible que morre ao máis mínimo rozamento.

Son cnidarios, eses sorprendentes animais que poden vivir fixos ao sustrato – como os corais – ou nadando libremente – como as medusas

Tamén as fermosas gorgonias son animais deste tipo. A aparente calma destes seres e o seu hipnótico balanceo oculta unha grande voracidade. Os millóns de microorganismos que frotan á mercede das correntes mariñas son presas doadas para o aparato dixestivo das gorgonias, pois os centos de diminutas bocas repartidas polas súas extremidades están continuamente captando o alimento suspendido na auga. Pero a beleza das súas cores e as súas caprichosas formas arbustivas non deben facernos esquecer que o seu lento medrar merece o máximo respecto.